

MANIFESTO PARA A DEFENSA DO MEDIO NATURAL NO ARENAL DA CALZOA (VIGO)

A Calzoa é un areal situado na desembocadura do río Lagares, o maior curso fluvial do municipio de Vigo, xunto á súa marisma (Xunqueira do Lagares), o que lle confire un **gran valor ambiental, moi destacado desde o punto de vista ornitológico.**

Atópase situado na área de influencia da zona **ZEPA Rías Baixas de Galicia**, pertencente á Rede Natura 2000, e é elixido preferentemente por moitas aves procedentes desta zona de protección para o seu **descanso e a súa alimentación.**

A Calzoa é frecuentada por **aves mariñas e acuáticas en migración e exemplares invernantes** que fan uso dela como zona de alimentación, para despois repousar nas pleamares ou pasar a noite no interior da Xunqueira do Lagares, a zona húmida de maior importancia do concello. Non ten sentido a protección da Xunqueira sen a protección da Calzoa.

Moitas destas aves, en especial as **limícolas**, precisan esta zona para alimentarse e poder continuar o seu camiño migratorio dende as zonas de cría (no ártico) ata as de invernada (en ocasións tan ao sur como Sudáfrica).

Neste areal foi observada a **gavota de Ross ou gavota rosada** (*Rhodostethia rosea*) incluída no catálogo de aves raras de España, sendo rexistrada unicamente en dúas ocasións en España con anterioridade.

Tamén foi o enclave elixido por unha **gavota groenlandesa** (*Larus glaucooides*) que, como dato curioso, permaneceu durante dúas tempadas completas, convivindo con bañistas, nesta praia.

Sen desprezar outras especies de presenza frecuente, e incluídas no Anexo I da **Directiva 2009/147/CE** do Parlamento Europeo, relativa á conservación das aves silvestres, como o **pilro curlibico** da subespecie schinzii (*Calidris alpina schinzii*), a **garzota común** (*Egretta garzetta*), o **carrán cristado** (*Thalasseus sandvicensis*), o **carrán común** (*Sterna hirundo*) ou **gavota cabecinegra** (*Larus melanocephalus*) entre outras.

Debemos destacar, como especie non ornitolóxica relevante na zona, a presenza de **lontra** (*Lutra lutra*), unha especie estritamente protexida no Convenio de Berna, incluída no Anexo II da Directiva Hábitats: Especie de interese comunitario para cuxa conservación é preciso designar Zonas Especiais de Conservación e no Anexo IV: Especies de Interese comunitario que requiren protección estrita e tamén cualificada como "Vulnerable" no libro vermello dos vertebrados de España.

Ademais, na praia da Calzoa **aparece o Hábitat Natural de Interese Comunitaria “Dunas móbiles do litoral con *Ammophila arenaria*” (dunas brancas)** catalogado co código 2120 na Directiva 92/43/CEE. Segundo esta directiva europea, un hábitat de interese comunitario que se atopa ameazado de desaparición na súa área de distribución natural e que require da designación de zonas de especial conservación.

No tocante aos invertebrados, salienta o **mangón (*Arenicola marina*)**, que é un anélido poliqueto que conta cunha das súas poucas poboacións viguesas nesta praia.

A citada Directiva europea **2009/147/CE**, relativa á Conservación das Aves silvestres, advirte de que "unha gran cantidade de especies de aves que viven normalmente en estado salvaxe **padecen dunha regresión na súa poboación**, moi rápida nalgúns casos, e que dita regresión constitúe un **grave perigo para a conservación do medio natural**" e toma en consideración que "as especies de aves que viven normalmente en estado salvaxe no territorio europeo dos Estados membros **son en gran parte especies migratorias**; que ditas especies **constitúen un patrimonio común**".

Na **Lei 42/2007**, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, no seu artigo 43 dispón: "(...) Para o caso das especies de carácter migratorio que cheguen regularmente ao territorio español e ás augas mariñas sometidas a soberanía ou xurisdición española, teranse en conta as **necesidades de protección das súas áreas de reprodución, alimentación, muda, invernada e zonas de descanso, atribuíndo particular importancia ás zonas húmidas** e moi especialmente ás de importancia internacional".

E no seu artigo 46, referido ás medidas de conservación da **Rede Natura 2000**, dita en dous dos seus puntos:

“3. Os órganos competentes, no marco dos procedementos previstos na lexislación de avaliación ambiental, deberán adoptar as **medidas necesarias para evitar o deterioro, a contaminación e a fragmentación dos hábitats e as perturbacións que afecten as especies fóra da Rede Natura 2000, na medida que estes fenómenos teñan un efecto significativo sobre o estado de conservación dos devanditos hábitats e especies.**

4. Calquera plan, programa ou proxecto que, **sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos citados espazos**, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, **someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, (...)**”.

Desde a súa designación como espazo de espaxamento canino, **o declive sufrido por estas especies no areal de A Calzoa é moi preocupante**, como así constatan os censos e observacións realizados por asociacións de defensa e estudo da natureza.

Son necesarios espazos de espaxemento para o crecente número de mascotas, pero **outras opcións sensatas son posibles e foron propostas**, aínda que non foron tidas en conta polos organismos competentes.

Esta necesidade debe ser atendida con seriedade e responsabilidade, pois non pode estar por encima da conservación, e **o uso destes refuxios da fauna debe ser sustentable e respectuoso**.

As entidades e persoas asinantes deste manifesto, queremos poñer en valor a praia da Calzoa como enclave único no noso territorio e reclamar a súa protección e preservación neste momento no que nos atopamos fronte a unha preocupante perda da biodiversidade e unha progresiva deterioración do litoral.

Reclamamos de forma perentoria **tomar medidas por parte das administracións para a preservación e protección dun enclave como este e apelamos á conciencia social para defender un espazo natural que é patrimonio común**.

ASINANTES:

Ecologistas en Acción Galiza

Asociación Fontaiña

Verdegaia

Amigos da Terra

Grupo de Anelamento Anduriña

Luita Verde

ANABAM-Asociación Naturalista Baixo Miño

Grupo Naturalista Hábitat

Matogueira Colectivo

SGO- Sociedade Galega de Ornitología

Asociación Ecoloxista Anduxía

Grupu de Ornitología MAVEA

EOAS-Grupo de Anillamiento Estación Ornitológica Anastasio Senra

Fundación BIOS Andalucía

Asociación Andalus

SGHN-Sociedade Galega de Historia Natural

ADEGA-Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Plataforma A RIA NON SE VENDE integrada por:

Agrupação de montanha Augas Limpas

Asociación Cultural Berra Val Miñor

Asociación Treze Catorze

Bouzas Móvete

C.S. A Revolta

C.S. Faisca

C.V. contra a Macrodepuradora do Lagares

Caleidoskopio

Clube Espeleolóxico Maúxo

Colectivo Xogo Descuberto

Foro Social de Cangas

G.A.S. Vigo

OAR Redondela

Plataforma Cidadá de Redondela

Plataforma Defende Mos

Salvemos Monteferro

Salvemos O Salgueirón

SOS Serra da Groba

Verdegaia

Voces polo Litoral de Teis

RONCADELL Grup d'Estudi i Defensa de l'Entorn

APDR Asociación pola Defensa da Ría

Cómo eliminar os eucaliptos de Galicia

Plataforma veciñal Mina Touro O Pino Non

Asociación Petón do Lobo

Comunidade de Montes de Coruxo

Asociación socio-cultural O Iribio